

NOTAS AO PROGRAMA



FERNANDO RAÑA

flautista

Nace en Pontesampaio (Pontevedra) en 1970. A moi curta idade comeza a ter contacto coa música e pronto centra a súa interese na frauta travesa, motivo polo cal se traslada a Madrid onde finaliza os seus estudos no Conservatorio Superior da devandita cidade coas máximas cualificacións (1988).

Posteriormente estuda con Magdalena Martínez, profesora coa que conseguirá o Performers Diplomation da Guilhald School. En 1990 é premiado no 1º Concurso de Xovenes Intérpretes organizado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

En 1993 é becado polo Festival Internacional de Música e Danza Manuel de Falla de Granada e en 1997 obtén unha mención honorífica no "Torneo Internacional de Música" (Zaragoza). Un ano mais tarde accede á semifinal do Concurso Internacional "María Canals". Como complemento a súa formación tamén recibe clases maxistras dos profesores J. M. Llorens, Nicolas Brochot, Pierre Dumail, Kate Hill (invitado pola JONDE) e Alain Marion.

Colaborou con orquestras como a Orquesta Clásica de Vigo, Xoven Orquesta de Galicia, 1ª Orquesta da Escola de Altos Estudos Musicais do IGAEM (profesor da sección de ventomadeira), Orquesta Sinfonietta, Orquesta de Cámara da Sinfónica de

Galicia, Orquesta Lírica Nacional, Orquesta Internacional do Festival de Murcia, Virtuosos de Moscú, Orquesta de Cámara do Festival Mozart, Orquesta Sinfónica do Principado de Asturias, Orquesta Sinfónica de Galicia, etc... En esta esta experiencia orquestral cabe destacar o traballo realizado baixo a dirección de mestres coma: James Ross, Enrique Ricci, José Ramón Encinar, Josep Pons, René Clement, Miquel Ortega, Philip Walsh, Luis Fernando Malheiro, James Judd ou Antoni Witt.

En 1992 aproba as oposicións ao Corpo de profesores de conservatorio do MEC, e tras desenrolar o seu traballo pedagóxico en Gijón e Coruña, actualmente é profesor do Conservatorio Superior de Música de Vigo sendo convidado a impartir cursos de perfeccionamento e ofrecer recitais coma solista en salas e centros superiores da xeografía europea.

Gravou co guitarrista Román González tres CD's de música orixinal para frauta e guitarra escrita no Siglo XX (Dúo "Raña-González"). Convén salientar neste apartado o premio outorgado polo Ministerio de Cultura ao participar na gravación da Sonata para frauta e Guitarra de Ángel Barja, reedición efectuada pola Excma. Diputación de León. No ano 2008 participou coma solista da estrea en España da obra "Vortex Temporum" de Gerard Grisey programada polo Festival.

CONCERTO PARA FRAUTA EN Re m op. 283

C. Reinecke (1824-1910)

Como compositor, Reinecke é coñecido fundamentalmente como autor de composicións pianísticas, sendo el mesmo un consumado intérprete. Neste sentido, a

afinidade con Liszt e Schumann non pode ser máis evidente. Con todo, a maioría da súa obra para piano enmárcase na chamada *Hausmusik*, música de salón inspirada en formas populares e melodías cantabile. Pese a iso, algunha da súa música orquestral gozou de certas cotas de éxito, en particular o seu *Concerto para flauta e orquesta en re maior Op. 283*, composto en torno a 1908, pouco antes de morrer. O máis rechamante deste concerto é a aparente distancia que hai entre o marcado halo clasicista que emana a obra coa data da súa composición. Coas innovacións e cambios compositivos dos primeiros anos do século XX en mente - xusto os enfatizados polos manuais de historia en detrimento das continuidades - resultaría difícil situar cronolóxicamente esta obra. A articulación formal dos movementos, o tratamento dos recursos orquestrais e o diálogo entre o solista e a orquesta manteñen a práctica habitual do século anterior. E, sobre todo, a linguaxe compositiva no ámbito da tonalidade propio do Romanticismo e o desenvolvemento temático do material son dous ingredientes principais. Dende o comezo, resulta patente a importancia da sección de vento, á que Reinecke confía os compases que abren a obra e preparan a presentación da frauta solista, antes de que o clarinete e as cordas aborden o tema principal. As catro trompas teñen protagonismo no movemento central, enxalzado polas cordoas en sordina, mentres que no Finale a frauta adquire as maiores cotas de virtuosismo. Quizá sexan as melodías de contornos atractivos e o virtuosismo de certos pasaxes os elementos que máis chamen a atención do oínte.

PROGRAMA

I

*CONCERT PRELUDE

(Abertura)

P. Sparke

* CONCERTO PARA FRAUTA

en Re m. Op. 283

C. Reinecke

1- Allegro moderato

2- Lento e mesto

3- Finale

(solista: Fernando Raña)

II

*FIFTH SYMPHONY "SAKUSA"

A. Reed

1- Sakura for winds

2- Freely, quasi recitative

3- Allegro molto con fuoco

* THEATRE MUSIC

P. Sparke

1- Overture

2- Entrácte

3- Finale

*Interpretada por primeira vez poa BMC

Nota: polo ben de todos prérgase desconecten os móbiles durante o tempo do concerto. Grazas



QUINTA SINFONÍA ("SAKURA")

A. REED (1921-2005)

Esta obra foi encargada polo "Senzoku Gakuen College of Music" de Tokio en conmemoración do seu 70 aniversario en 1994. Con todo, á vista da invitación da WASBE (Asociación Mundial de Bandas Sinfónicas e Ensembles) á súa Banda para que actuasen na 7ª Convención Anual desta asociación, que tería lugar en Hamamatsu (Xapón) no verán de 1995, decidiuse atrasar o estreo da obra para ese intre.

A sinfonía consta de tres movementos, cunha introdución marcada polo autor como *Moderadamente e sostido* que nos leva ao primeiro movemento en si, un *Allegro Assai* no que o principal material temático é tocado primeiramente polos timbales e as percusions de láminas.

O segundo movemento, do cal a sinfonía toma o seu subtítulo, é un traballo extenso sobre unha das máis vellas e máis queridas cancións populares xaponesas "Sakura" (Flor de cereixeira), unha longa e sostida melodía elexíaca tomada como base para o desenvolvemento dunha variación libre a través de todas as seccións individuais da orquestra.

O terceiro movemento é unha brillante forma *Rondó (Allegro molto, con fuoco)* na cal algúns elementos dos movementos anteriores incorpóranse para traer a obra completa cara a unha impresionante conclusión nunha explosión final, virtuosa para todos os instrumentos da Banda.

A Quinta Sinfonía "Sakura" foi tocada por primeira vez o 26 de xullo de 1995 pola "Senkozu Gakuen Wind Orchestra" baixo a dirección do compositor, no 7º Congreso WASBE en Hamamatsu, Xapón, tal como se dixo máis arriba.

TEMPADA 2013-2014

PALACIO DA ÓPERA

Vindeiros Concertos

Novembro 2013

Domingo 10 (Palacio da Ópera) - 12.15 h.

Domingo 24 (Palacio da Ópera) - 12.15 h.

Decembro 2013

Domingo 1 (Palacio da Ópera) - 12.15 h.

Domingo 22 (Palacio da Ópera) - 12.15 h.

PALACIO DA ÓPERA


20 DE OUTUBRO - 12.15 H.

DIRECTOR:

JOSÉ LUIS REPRESAS

**TEMPADA
2013/2014**

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@coruna.es



**BANDA
MUNICIPAL DE
MÚSICA
DA CORUÑA**



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**